

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL MODIFICACIÓN PARCIAL RPT_ACTA Nº2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO) Escusa ausencia

Margarita Turnes Negreira (CCOO) Escusa ausencia

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

María del Carmen Rodríguez Prieto (CCOO) Escusa ausencia

José Estévez Vázquez (CCOO)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Luciano Otero Camiña (CIG) Escusa ausencia

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)- Escusa ausencia

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Antonio Manuel Rguez González (CCOO)-Escusa ausencia

Rita Velasco Graña (delegada sindical-CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

María Carmen García Mejjide (CIG)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 12:00h, do 12 de abril de 2021 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta pendente da reunión anterior.
2. Proposta de modificación parcial da RPT de PAS Laboral.
3. Rolda de intervencións.



1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

A xerenta indica que non constan alegacións á acta da reunión anterior polo que queda aprobada por unanimidade.

2. Proposta de modificación parcial da RPT de PAS Laboral.

A xerenta comeza a reunión dicindo que, respecto á modificación da RPT, a xerencia mantén o expresado na anterior reunión e informa de que se recibiu un escrito do Comité de Pontevedra dando paso ao presidente.

O presidente do Comité de Empresa de Pontevedra di que se enviaron dúas cuestións. Dado que se crea unha praza de AT SX en Ourense o Comité considera que, tanto no Campus de Pontevedra como no Campus de Vigo, se necesita un reforzo de AT SX para atender os servizos en cada un dos campus. Por outra banda, o CEPO está de acordo coa modificación proposta pola xerencia de eliminar varios postos de responsables, sempre e cando a xerencia se comprometa a iniciar un proceso negociador sobre as responsabilidades do PAS Laboral cando remate o concurso de traslados. En canto á dispoñibilidade horaria do persoal de deportes di que, tal e como manifestaran na primeira reunión, están de acordo en manter a quenda engadindo a dispoñibilidade horaria.

O Vixerente de RRHH fai unha puntualización en relación ao posto de ATID de Pontevedra que xa ten quenda de mañá e de tarde, polo que ese posto non levará a observación de dispoñibilidade horaria. Explica tamén os cambios realizados na proposta que se achegará aos órganos de representación para que emitan o informe pertinente segundo o artigo 91 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Carlos Mollinedo di que non lle queda moi claro o motivo polo que se retiran as responsabilidades xa negociadas no ano 2015. Cre que se pode realizar igual o concurso de traslados destas prazas. Engade que esta é a terceira modificación puntual da RPT dende que se aprobou e hai moitos compromisos e situacións que se deberían aclarar, polo que habería que tratar a modificación da RPT en conxunto xa que hai moitas prazas por riba da RPT. Remata dicindo que se explique o motivo real desta modificación.

A xerenta responde que a explicación xa se deu na primeira reunión, resume que a modificación vén motivada pola necesidade de convocar un concurso de traslados e dar tomas de posesión aos aspirantes que superaron os procesos selectivos. Houbo tamén unha sentenza no seu día que anulou o concurso convocado para a provisión de postos de responsabilidade e estase a negociar un proceso de funcionarización. O que se quere é que o persoal laboral poida concursar sen tocar as responsabilidades neste momento. A posibilidade de que se poidan negociar nun futuro as responsabilidades, dependerá do escenario que exista nese momento.

O presidente do CEO di que dende o CE de Ourense non fixeron unha contraproposta porque no que afecta ao seu ámbito de representación xa figura na proposta da xerencia e, entendendo que é unha modificación técnica, están de acordo con ela. En canto ao sentido do informe

preceptivo, dado que é sobre o conxunto da modificación, manifesta que será desfavorable por discrepancias diversas coa proposta no seu conxunto.

A Xerenta di que outro dos motivos desta modificación puntual é ver as prazas que poden quedar para a taxa estabilización na OPE 2021 unha vez resolto o concurso de traslados, e executar a RPT. Conclúe dicindo que se vai confirmar se a praza de ATID de Pontevedra tamén ten dispoñibilidade horaria e cos cambios efectuados daráselle traslado aos comités nos vindeiros días para informe preceptivo. Tamén se enviará á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta para a autorización necesaria.

3. Rolda de intervencións.

A Xerenta di que dende o comité de empresa de Pontevedra solicitaron a apertura de varias listas, en concreto a de TE de biblioteca, TE de animalario, TE de Física e TE de Actividades deportivas. Dende a xerencia vaise formular a apertura de TE de bibliotecas e de TE de animalario para poder remitilas aos órganos de representación esta semana. Por outra banda vaise intentar sacar as convocatorias da OPE de 2018 na que está incluída a categoría de TE de Física. En canto á lista de deportes non está previsto aínda ampliála.


O Vicexerente de RRHH informa de que se suspendeu cautelarmente o proceso selectivo de TS de Actividades Deportivas por un Auto do Xulgado do C/A N°1 de Vigo. Segundo informa Asesoría Xurídica non hai antecedentes de que se producise ese tipo de autos, pero aínda que se recorreu, a suspensión é executiva polo que as probas quedan de momento en suspenso.

O presidente do CEO di que na categoría de TE de biblioteca dado que na OPE están todas as vacantes, cre que sería máis oportuno sacar un proceso selectivo que unha ampliación de listas. En canto ao resto de temarios, piden que unha vez se teña o acordo sobre temarios, deberían publicarse, para que o persoal poida coñecelos.

A Xerenta di que unha vez que se acorden os temarios xa se publicaría a convocatoria, aínda que poden estudalo. En canto á categoría de TE de biblioteca, como se está pendente do acordo de funcionarización a idea sería publicar esa oferta como de funcionario, dado ademais que corresponde á OPE de 2019.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión as 13:10h.

A Xerenta



Raquel M. Souto García

O Presidente do CEPO



Marcos Estévez Orge

O Presidente do CEO



Luís Pérez Gómez

